



SERVIZO  
GALEGO  
de SAÚDE

Área Sanitaria  
Santiago de Compostela  
e Barbanza



# I CARREIRA SOLIDARIA POLA SEPSIS

¡OS TEUS KILÓMETROS SALVAN VIDAS!

DOMINGO 29 DE MARZO, 12 h

AVDA. ANTONIO RAIMUNDO IBÁÑEZ E ALAMEDA DE SANTIAGO

## 1. ORGANIZACIÓN

O Servizo de Medicina Intensiva do Complexo Hospitalario Clínico Universitario de Santiago de Compostela (todos, dende o xefe de servizo ata o asistente máis recente, tentamos participar dalgún xeito, aportando ideas e entusiasmo a este proxecto), baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices da Federación Galega de Atletismo, organizará o domingo 29 de marzo a partir das 12 horas a I Carreira Solidaria Pola Sepsis, “Os teus kilómetros salvan vidas” no Campus Vida da USC.

Co obxectivo fundamental de informar á poboación xeral sobre unha patoloxía tan grave como a sepsis, unha gran descoñecida a nivel de rúa que sen embargo inunda constantemente as nosas unidades, esta carreira tentará recadar fondos que se destinarán íntegramete a axudar aos pacientes e afectados por esta enfermidade. Os fondos empregaranse na melloría da calidade asistencial do paciente crítico e a colaboración co proxecto de humanización das UCIs.

## 2. PARTICIPANTES E CATEGORÍAS

1. Nesta carreira poderán participar calquera persoa nada no ano 2007 e anteriores que o desexe, sexa ou non federada.
2. Cada corredor participará baixo a súa responsabilidade consciente de que deben ter un estado físico axeitado para afrontar a proba;
3. Existirán 3 categorías de competición:
  - 1) **ESCOLARES** De 2004 a 2007
  - 2) **SENIOR** 2003 a 1986 anteriores
  - 3) **MÁSTER** De 1985 e anteriores

## 3. LUGAR, HORA DE SAÍDA E RECOLLIDA DE DORSAIS

Os participantes deberán situarse na liña de saída sita na Avda Antonio Raimundo Ibáñez o domingo 29 de marzo ás 11.45 horas.

Os dorsais poderán recollese no lugar ata media hora antes do inicio da proba (11:30 horas). Deberán levarse na parte anterior do corpo sen dobreces e en toda a súa extensión.

## 4. INSCRICIÓNS E PREZO

As inscricións poderanse facer na páxina web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) ata o xoves 26 de marzo ás 23.59 horas.

O custo da inscrición será o seguinte:

- Escolares (de 2004 a 2007) **GRATUITA**
- Adultos (2003 e anteriores) **5 €.**



## **7. RECLAMACIÓN AOS RESULTADOS DEPORTIVOS**

Inda que o obxectivo desta proba non é a competición e se contempla a mesma como un aliciente para fomentar a participación na mesma, todas as reclamacións dos resultados oficiais deberán dirixirse verbalmente ao xuíz árbitro da proba non máis tarde de 30 minutos despois da súa publicación.

Todo o non recollido no presente regulamento resolverase segundo o recollido nos regulamentos da F.G.A. e R.F.E.A. por este orde, para probas en ruta.

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición consente expresamente que estes datos básicos sexan transferidos a esta entidade para o tratamento, ante a compañía aseguradora, dun seguro obrigatorio de accidentes e responsabilidade civil, así como a xestión da licenza de día e clasificación popular das probas de ruta. En calquera caso e segundo establece a Lei de protección de datos, o interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición por escrito ou por correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13- 15008 A Coruña. Esta proba disporá dos seguros e servizos sanitarios requerido nas normativas vixentes. .

## **8. COMITÉ ORGANIZADOR**

Coordinadora: Beatriz Lence, médico residente de Medicina Intensiva.

Colaboradores principais: Cristóbal Galbán, (xefe do servizo), Aitziber Santiago, Rebeca H. Vaquero, Isabel Lara Granja, Juan F. Villanueva (médicos do servizo de Medicina Intensiva).

## **9. COLABORADORES:**

Loxística da carreira:

Federación Galega de Atletismo.

Xestión económica:

Fundación Instituto de Investigación de Santiago de Compostela.

Secretaría técnica:

Centro de Negocios VIGO (sen coste).

Deseño artístico:

Lence (sen coste).